



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Ortopodoloxía 3	Código	750G02019	
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Santalla Borreiros, Fátima	Correo electrónico	f.santalla@udc.es	
Profesorado	Santalla Borreiros, Fátima	Correo electrónico	f.santalla@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	A materia versará sobre as indicacións e contraindicacións na aplicación de prótese e ortesis á extremidade inferior; deseño, obtención e aplicación mediante diferentes técnicas e materiais de prótese e ortesis para as alteracións do pé, así como a coñecer e deseñar o plan de tratamento ortopodolóxico da patoloxía da extremidade inferior.			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Ningún</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>-Sesión magistral virtual.</p> <p>-Traballos tutelados.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>-Prácticas de laboratorio. De non poder realizarse as prácticas de laboratorio intentarase a recuperación de, como mínimo, o 50% das mesmas dentro do periodo permitido.</p> <p>Obradoiro. Os obradoiros presencias de darse o caso de non poder realizarse serán substituídos pola metodoloxía de resolución de casos clínicos.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>A atención personalizada realizarase a través do correo electrónico e da plataforma Teams no horario de tutorías da docente.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>As metodoloxías e porcentaxes de avaliación se manteñen.</p> <p>-OBRADOIRO. Avaliarase a participación nos obradoiros realizados presencialmente e/ou os levados a cabo de xeito virtual.</p> <p>-PRÁCTICAS DE LABORATORIO. De darse a situación de non poder levar a cabo a totalidade das prácticas o alumnado deberá realizar un mínimo do 50% das prácticas de laboratorio para superar a materia, recuperándose posteriormente no periodo permitido. Nesta situación avaliarase as prácticas realizadas( mínimo 50%), cun poscentaxe do 30% da avaliación.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Sen cambios</p>
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A20	Coñecer e desenvolver as técnicas de exploración, para emitir un diagnóstico e pronóstico, e deseñar o plan de tratamento ortopodolóxico da patoloxía da extremidade inferior. Traumatismos óseos e músculo ligamentosos. Patoloxía do antepé e do retropé. Deformidades conxénitas. Lesións neurolóxicas. Amputacións. Asimetrías.
A22	Deseñar, obter e aplicar mediante diferentes técnicas e materiais os ortesis plantares e ortesis dixitais, próteses, férulas. Ortesiología plantar e digital. Estudo do calzado e calzadoterapia. Prescrición de tratamentos ortopédicos da extremidade inferior.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B9	Fomento dunha segunda lingua de interese para a profesión.
B11	Coñecementos de informática relativos ó seu ámbito de estudo.
B12	Capacidade de xestión da información.
B14	Implicación na calidade e busca da excelencia.



B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título		
Coñecer e realizar a prescrición de tratamentos ortopédicos da extremidade inferior.		A20 A22	B1 B3 B5 B7 B9 B11 B12 B14 B19	C1 C3 C5 C7
Deseñar e obter mediante diferentes técnicas e materiais os ortesis plantares e próteses das patoloxía do antepé e do retropé, deformidades conxénitas, lesións neurolóxicas, amputacións e asimetrías.		A20 A22	B1 B3 B5 B7 B9 B11 B12 B14 B19	C1 C3 C5 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
I. INTRODUCCIÓN. CONCEPTOS XERAIS DE ORTOPROTÉSICA.	
II. TRATAMENTO PROTÉSICO PARA AS AMPUTACIÓNS DO MEMBRO INFERIOR.	
III. ORTESIS E AXUDAS PARA A MARCHA	
IV. ORTESIS PARA A PATOLOXÍA DE CADEIRA	
V. MANEXO ORTÉSICO DA PATOLOXÍA PODOLÓXICA INFANTIL	
VI. MANEXO ORTÉSICO DA PATOLOXÍA PODOLÓXICA XERIÁTRICA	
VII. MANEXO ORTÉSICO DAS DEFORMIDADES CONXÉNITAS, LESIÓN NEUROLÓXICAS E GRANDES DEFORMIDADES.	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A20 A22 B1 B9 C7	14	25	39



Obradoiro	A20 A22 B1 B3 B5 B7 B9 B11 B12 B14 B19 C3 C5 C7	17	25	42
Prácticas de laboratorio	A20 A22 B5 B7 B14 B19	18	6	24
Traballos tutelados	A20 A22 B5 B9 B11 C3 C5 C7	4	16	20
Proba obxectiva	A20 A22 B3 B12 C1	2	20	22
Atención personalizada		3	0	3

**\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado**

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Os contidos teóricos da materia serán impartidos de modo virtual mediante clases expositivas, con apoio de medios audiovisuais, imaxes, vídeos,... e con enfoque participativo por parte do alumnado.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (prácticas guiadas, exposicións, simulacións, debates, solución de problemas,... etc) a través da que o alumnado reforzará o seu coñecemento teóricos, co apoio e supervisión do profesorado. Esta metodoloxía levarase a cabo de modo virtual e presencial. Ó comenzo de curso fixarase as datas e grupos dos diferentes obradoiros tanto presenciais como virtuais.
Prácticas de laboratorio	Nas prácticas de Laboratorio o alumnado debe pór en práctica os contidos teóricos da materia con actividades individuais ou en grupo.
Traballos tutelados	O alumnado desenvolverá un traballo obrigatorio en grupo sobre un plan de tratamento ortopodolóxico.
Proba obxectiva	A proba obxectiva está relacionada cos contidos expostos nas sesións maxistras, talleres e prácticas de laboratorio.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Traballos tutelados	A atención personalizada realizarase de forma virtual a través do correo electrónico ou Teams programada previamente coa profesora.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A20 A22 B3 B12 C1	Devandito exame realizarase sobre a totalidade dos contidos da materia e todos os contidos desenvolvidos tanto nas sesións maxistras, como en talleres, prácticas de laboratorio e exposición de traballos tutelados. É necesario obter, polo menos, un 50% da cualificación total da proba obxectiva para superar a materia. 15 días antes da proba facilitaráselle ó alumnado as indicacións, tipo de preguntas e puntuación das preguntas do examen.	40
Prácticas de laboratorio	A20 A22 B5 B7 B14 B19	SERÁ OBRIGATORIO A ASISTENCIA Á TOTALIDADE DAS PRÁCTICAS DE LABORATORIO PARA SUPERAR A MATERIA. O alumnado que teña faltas de puntualidade e de actitude durante as prácticas, será penalizado en cada ocasión, sobre a nota de prácticas. Ao comezo de curso elaborárase un calendario de prácticas por grupo. Nos últimos días das prácticas realizarase un examen práctico sobre un caso clínico simulado no que o alumnado deberá elaborar un tratamento ortopodolóxico. É necesario obter, polo menos, un 50 % da calificación total do examen práctico para superar a materia	30



Obradoiro	A20 A22 B1 B3 B5 B7 B9 B11 B12 B14 B19 C3 C5 C7	Avaliarase a presencialidade e participación en directo do alumnado nas diferentes actividades realizadas nos obradoiros. Aquel alumnado que por problemas de conectividade nas sesións virtuais participe de xeito diferido deberá realizar unha actividade que verifique a adquisición dos obxectivos do obradoiro. Non é obrigatoria a asistencia aos obradoiros para superar a materia, pero si avaliable.	15
Traballos tutelados	A20 A22 B5 B9 B11 C3 C5 C7	Avaliarase o interese do tema, a procura bibliográfica e a estrutura e contido do traballo. O alumnado deberá expoñer de forma oral e virtual o traballo e a exposición tamen computará na avaliación. Salvo causa xustificada todo o alumnado debe estar presente na exposición dos traballos de xeito virtual. Ao comezo de curso fixarase a data límite de entrega de traballos e a data de exposición. É necesario obter, polo menos, un 50 % da calificación total do traballo tutelado para superar a materia.	15

### Observacións avaliación

**PARA SUPERAR A MATERIA É NECESARIO:- PRÁCTICAS DE LABORATORIO:** Asistir á totalidade das prácticas de laboratorio. Superar a proba práctica cun 50% da cualificación total desta.- **TRABALLOS TUTELADOS:** Realizar o traballo tutelado de acordo ás pautas do profesor. Obter, polo menos, un 50% da cualificación total do traballo tutelado. É obrigatoria a asistencia á exposición dos traballos tutelados, salvo causas xustificadas.- **PROBA OBXECTIVA:** Superar a proba obxectiva cun 50% da cualificación total desta.É NECESARIO QUE A SUMA DE TÓDALAS METODOLOXIAS OBTENÑAN UN 50% DA CUALIFICACIÓN TOTAL DA MATERIA.

**MATRICULA DE HONRA.** O alumnado con nota igual ou superior a 9 poderán optar a matrícula de honra. A decisión tomarase pola nota máis altas. De existir empate tomarase como referencia a nota máis alta das metodoloxías dende as de máis peso as de menor peso na avaliación.**NON PRESENTADO.** O alumnado que non se presente á proba mixta será avaliado como "NON PRESENTADO", independentemente da participación noutras actividades.**MATRICULA PARCIAL.** Para superar a materia deben superar nun 50% a nota da proba obxectiva e nun 50% a nota das prácticas de laboratorio. A asistencia ás prácticas de laboratorio é obrigatoria. O traballo tutelado teñen a posibilidade de facelo de modo individual. É obrigatoria a exposición e a asistencia ó día da exposición dos traballos, salvo causas xustificadas. A asistencia ós obradoiros pode ser substituída pola realización dun traballo a acordar co profesor. O alumnado debe informar ó profesor desa situación como moito ata un mes despois do inicio das clases.

**DISPENSA.** O alumnado con solicitude de dispensa ten a obriga de asistir á totalidade das prácticas de laboratorio. A avaliación das prácticas de laboratorio será a mesma que para o resto do alumnado, cunha puntuación do 30 % sobre a nota, tendo que superar a mesma nun 50%. E terá a opción de ser avaliado do resto das competencias na proba obxectiva cunha puntuación do 70%, sendo requisito imprescindible para superar a materia aprobar cunha puntuación igual ou superior ó 50%. Neste caso a proba obxectiva contará con preguntas tipo test e pregunta escrita.**OPORTUNIDADE ADIANTADA.** O alumnado que non teña pendente mais de 12 créditos, de materias das que xa estivese matriculado nalgún curso académico, ou de 18 créditos correspondentes ás prácticas, ademais do TFG, para finalizar os seus estudos poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación, que se realizará antes da finalización das actividades académicas do 1º cuatrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno. Os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto do alumnado.**2º O POSTERIORES OPORTUNIDADES.** O alumnado presentado a 2º ou posteriores oportunidades gardaráselles as notas da parte de proba práctica, obradoiros, traballos tutelados e exposición oral sempre que participase e superase as diferentes actividades.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Viosca Herrero, Enrique (2004). Guía de uso y prescripción de productos ortoprotésicos a medida. Valencia: Instituto de Biomecánica de Valencia (IBV)</li> <li>- Zambudio Periago, Ramón (2009). Prótesis, ortesis y ayudas técnicas.. Barcelona: Elsevier Masson</li> <li>- Oriol Cohí, Lluís Ximeno (2011). Actualizaciones en técnica ortopédica.. Barcelona: Masson</li> <li>- Staheli, Lynn T. (2002). Ortopedia pediátrica. Madrid: Marban</li> <li>- Viladot Pericé, Ramón. (2005). Ortesis y prótesis del aparato locomotor.. Barcelona:Masson</li> </ul> <p>Ao longo do curso, xunto con cada unidade da materia, facilitaráselle ao alumno referencias bibliográficas específicas.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	



## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía específica do membro inferior/750G02002

Biomecánica do membro inferior/750G02013

Ortopodoloxía 1/750G02017

Ortopodoloxía 2/750G02018

Patoloxía Podolóxica 1/750G02021

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Patoloxía Podolóxica 2/750G02022

### Materias que continúan o temario

Prácticum 1/750G02033

Prácticum 2/750G02034

Prácticum 3/750G02035

### Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":

- 1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:
- 1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático
- 1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos
- 2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas?). Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Ante unha situación de plaxio ou copia nas probas de avaliación aplicarase a normativa da UDC.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías